

INFOGAUDA: UN ESPAZO DE INFORMACIÓN TRANSFRONTEIRIZA. Enderezo electrónico: infogauda@yahoo.es

22 de maio de 2009

O ROSAL

O ARQUEÓLOGO ALEXI ROJAS GUERRA IMPARTIU NO ROSAL UN OBRADOIRO DE PINTURA LÍTICA, TÉCNICA DA QUE É O SEU INVENTOR E PIONEIRO MUNDIAL

Reportaxe: Concello do Rosal
Fotografías: Juan Ramón Martínez Barbosa

Os arqueólogos Pablo Novoa e Alexi Rojas na compaña do alcalde rosaleiro Jesús Mª Fernández (no centro da imaxe)

Ángeles Vicente e Charo Tabales, concelleiras de Turismo e de Cultura, dialogan cos arqueólogos convidados

O primeiro paso foi triturar as pedras

Grazas ás xestións da concellaría de Cultura do Rosal que preside Charo Tabales Perozo, os días 15, 16 e 17 de maio tivo lugar na Praza do Calvario e na Sala de Exposicións da vila un obradoiro de “Pintura Lítica” a cargo do mestre venezolano Alexi José Rojas Guerra, director do “Museo Arqueológico Marapa” (Estado Vargas) e director executivo da “Sociedad para el Estudio de las Manifestaciones Rupestres de Venezuela” (SEMARVE).

Os irmáns Luis e Fran pintando os seus cadros

Esta novidosa técnica -que tanto rapaces como adultos puideron aprender- fundaméntase na pintura elaborada artesanalmente a base de pedra triturada e pulverizada, misturada con elementos naturais como cristal de sábila e linaza hervida máis vinagre.

Nenos e maiores en pleno obradoiro na Sala de Exposicións

Os asistentes realizaron estes curiosos cadros -observando os distintos debuxos de gravados rupestres que dispuxo a organización- e que a posteriori serían expostos o domingo 17 de maio, Día das Letras Galegas.

Cada participante estivo moi atento aos consellos do mestre venezolano

Varios debuxos realizados neste obradoiro

Alexi Rojas faille entrega dun libro da súa autoría ao historiador local Xoán Martínez Tamuxe

Os mesmos rapaces colgaron as súas obras para máis tarde ser expostas

Pablo Novoa Álvarez, recoñecido arqueólogo, tamén participou no obradoiro

Lenzo realizado por Alexi José Rojas Guerra

Durante estes tres días reinou o bo ambiente entre os asistentes ao obradoiro

Publicado por Infogauda ás 15:47